

EXCMO. CONCELLO DE LUGO
ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DE CONTRATO

En cumprimento do disposto no artigo 151 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público faise público:

1.- Entidade adxudicadora.

- a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.
- b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.
- c) **Número de expediente:**
- d) **Dirección de Internet do perfil do contratante:** www.lugo.gal

2.- Obxecto do contrato.

- a) **Tipo:** privado
- b) **Descrición:** a contratación das seguintes exposicións no Centro Sociocultural O Vello Cárcere que a continuación se indican:
LOTE 1: EXPOSICIÓN PERMANENTE DA MEMORIA O VELLO
LOTE 2: EXPOSICIÓN COLECTIVA TEMPORAL "DESDE O PANÓPTICO: CADA CELA UNHA OBRA

c) **Lotes:** SI
LOTE 1: EXPOSICIÓN PERMANENTE DA MEMORIA O VELLO CÁRCERE, consistente no deseño, coordinación, produción e montaxe da dita exposición permanente. O contrato inclúe a montaxe e desmontaxe posterior (para o traslado a outra zona do Vello Cárcere) así como a xestión da cesión do material expositivo con arquivos e familiares.

Este exposición é o resultado de traballos previos de investigación sobre a memoria do cárcere, localización de material expositivo, entrevistas a familiares das vítimas, elaboración dos textos expositivos e dos contidos da exposición.

LOTE 2: EXPOSICIÓN COLECTIVA TEMPORAL "DESDE O PANÓPTICO: CADA CELA UNHA OBRA, consistente no deseño do percorrido e deseño expositivo, creación dos textos de sala e imaxe gráfica, selección e coordinación dos artistas, produción e montaxe e desmontaxe da dita exposición temporal colectiva do espazo de divulgación artística.

Este exposición inclúe unha escolma dos mellores artistas contemporáneos co encargo de realizar unha serie de obras que reinterpreten a intrahistoria do cárcere. Os artistas son Clemente Bernard, Mónica Alonso, Patricia Gómez e María Jesús González, Jorge Varela, Jérémy Pajeanc, Carlos Maciá, Tatiana Medal

CONTRATACIÓN

XMCR/rdi

Ref: EXPOSICIÓN VELLO CÁRCERE- EXP 22/2017

Asunto: ANUNCIO ADXUDICACIÓN

Francesch, Carlos Rodriguez Méndez, Misha Bies Golas, Ramón Mateos; Iván López e Pablo España e Pedro G. Romero

d) CPV: 92312200-3

e) Acordo marco: NON

f) Medio de publicación do anuncio de licitación: Non procede

g) Data de publicación do anuncio de licitación: Non procede

3.- Tramitación e procedemento.

a) Tramitación: ordinaria

b) Procedemento: negociado sen publicidade

4.- Valor estimado do contrato: 40.400 euros

5.- Orzamento base de licitación :

LOTE 1: EXPOSICIÓN PERMANENTE DA MEMORIA O VELLO CÁRCERE:

20.400 euros máis o 21% de IVE (4.284 euros) polo que o orzamento total ascende a 24.684 euros.

LOTE 2: LOTE 2: EXPOSICIÓN COLECTIVA TEMPORAL "DESDE O PANÓPTICO: CADA CELA UNHA OBRA

20.000 euros máis o 21% de IVE (4.200 euros) polo que o orzamento total ascende a 24.200 euros

6.- Adxudicación do contrato

LOTE 1:

a) Data: 18/05/17

b) Contratista e N.I.F.: ASOCIACION PARA LA RECUPERACIÓN DE LA MEMORIA HISTÓRICA (ARMH) (NIF G82871666)

d) Importe da adxudicación: de 20.400 euros máis o 21% de IVE (4.284 euros) polo que o orzamento total ascende a 24.684 euros, IVE INCLUIDO

LOTE 2:

a) Data: 28/04/17

b) Contratista e N.I.F.: XESCULTURA, S.L (NIF: B 94097243)

d) Importe da adxudicación: 20.000 euros máis o 21% de IVE (4.200 euros) polo que o orzamento total ascende a 24.200 euros IVE INCLUIDO.

7.- Formalización do contrato: Os contratos se formalizaran en documentos privados.

Lugo 26 de maio de 2017
A ALCALDESA
P.D. TENENTE-ALCALDE DA ÁREA

Asdo.: Ana Prieto Nieto.

